

Linguas en contacto: cuestións básicas

1. Ecolingüismo, supremacismo, familias lingüísticas.

O ecolingüismo entende que cada lingua achega unha particular cosmovisión e todas elas son necesarias para a humanidade. A identidade, a diversidade, o coñecemento do contorno ou a convivencia son valores que aprecia.

O supremacismo parte dunha visión utilitarista, instrumental, das linguas e defende a exclusividade daquelas (“grandes”) que se espallaron colonialmente polo mundo.

Existen máis de 20 familias de linguas e unhas 300 illadas. A indoeuropea e a sinosibetana exemplifican o desequilibrio.

PREGUNTA DE REFLEXIÓN PROPOSTA

De que xeito podemos establecer relacións entre a historia e a diversidade interna das familias lingüísticas?

Linguas en contacto: cuestións básicas

2. Bilingüismo, diglosia, conflito lingüístico.

A sociolingüística só constata individuos ou grupos bilingües, non sociedades bilingües: nin hai competencia ampla por parte de todos nin os usos carecen de condicionamentos (diglósicos).

A diglosia é consecuencia da superposición histórica dunha lingua (A) sobre outra (B), que ve restrinxidos os seus usos, reducido o seu prestixio, substituído o seu léxico daqueles ámbitos sociais ocupados, etc.

O conflito lingüístico xorde da tensión para recuperar espazos por parte da lingua B fronte o dominio da prestixiada.

PREGUNTA DE REFLEXIÓN PROPOSTA

A afirmación -errónea desde a perspectiva sociolingüística- de que en Galicia existe un bilingüismo social, que implica e que agocha?

Linguas en contacto: cuestións básicas

3. Conflito, lealdade, substitución e normalización lingüísticas.

A lealdade lingüística dos falantes da lingua B, en canto fidelidade e mantemento desta nos diferentes usos, indica a superación psicolóxica dos esquemas diglósicos e posibilita manter o conflito lingüístico para lle procurar saída.

Todo conflito lingüístico a longo prazo desemboca ou na substitución (desaparición da lingua B) ou na normalización (proceso de revitalización social grazas ao apoio legal, da sociedade e dos poderes públicos).

PREGUNTA DE REFLEXIÓN PROPOSTA

De que xeito o grao de lealdade lingüística dunha comunidade minorizada representa un factor de vitalidade da lingua?

Linguas en contacto: cuestións básicas

4. Lingua maioritaria, minoritaria, minorizada e hexemónica.

As linguas teñen carácter maioritario ou minoritario segundo a porcentaxe de falantes nun territorio determinado, que pode ser diferente segundo sexa mundial, estatal ou comunitario.

Unha lingua minorizada fica suxeita á superposición doutra e áchase en proceso de substitución ou de normalización.

A minorización (restrición de usos) non depende necesariamente do tamaño da comunidade de falantes.

As linguas dominantes contan co pleno apoio estatal.

PREGUNTA DE REFLEXIÓN PROPOSTA

Por que se poden dar casos de linguas minorizadas maioritarias?

Linguas en contacto: cuestións básicas

5. A diversidade lingüística en Europa. Familias e falantes.

Europa presenta a menor diversidade lingüística: posúe ao redor de 200 linguas, o 3% das mundiais.

No continente, as máis faladas son o alemán, o ruso e o francés. Fronte a estas, o córnico ou o ingrio están a piques de desaparecer.

O galego ocupa o posto 38, por enriba -en número de falantes- dalgunhas oficiais na UE, caso do letón ou o estoniano.

PREGUNTA DE REFLEXIÓN PROPOSTA

Que poñen en evidencia o galego e o catalán dentro da UE (en canto a número de falantes e status)?

Linguas en contacto: cuestións básicas

6. A xestión do plurilingüismo en Europa. A Carta Europea.

Catro grandes modelos:

- monolingüismo estatal non real (Francia),
- plurilingüismo con cooficialidade territorial (España),
- plurilingüismo con oficialidade territorial (Bélxica),
- plurilingüismo con oficialidade igualitaria (Irlanda).

A Carta Europea das Linguas Rexionais (1992) ten que ser ratificada polos estados (España no 2001) e estes deberan aplicar medidas en consecuencia.

PREGUNTA DE REFLEXIÓN PROPOSTA

Que sentido e valor pode ter a Carta Europea das Linguas Rexionais nos distintos contextos de xestión do plurilingüismo?